

Rafael Rodríguez Villarino; Bernardo Varela López; Elvira Lama Fernández; José Ignacio Gómez Pérez; Diego Fernández Nogueira; Gerardo Seoane Fidalgo; Álvaro Vila Araújo; Margarita Pérez Fernández; Aurentino Alonso Araújo e Susana Rodríguez Estévez, na súa condición de deputados e deputadas na Deputación Provincial de Ourense, en base ó disposto nos artigos 46.2 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local; 48 do Real Decreto 78/1986 polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local; e do Real Decreto 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, **SOLICITAN A CELEBRACIÓN DUN PLENO EXTRAORDINARIO** para o debate e aprobación dunha **MOCIÓN RELATIVA Á IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DEMOCRÁTICO DE FINANCIAMENTO NA DEPUTACIÓN DE OURENSE** en base á seguinte

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

PRIMEIRO.- En pleno século XXI é necesario que as administracións públicas rixan as súas actuacións en base a principios democráticos contemporáneos e non mediante prácticas decimonónicas, caracterizadas polo caciquismo, as prebendas e uso de fondos públicos para intereses persoais ou partidistas. A Constitución Española determina no seu artigo 103 que a Administración Pública “serve con obxectividade ós intereses xerais”, e a Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, determina que deberá respectar, na súa actuación e relacións, os principios de “BOA FE, CONFIANZA LEXÍTIMA E LEALDADE INSTITUCIONAL”; de “eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos”; ou de “cooperación, colaboración e coordinación entre as administracións”, entre outros.

A súa vez, a Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica ás entidades locais, especialmente ás de menor capacidade económica e de xestión. Por iso e en coherencia coas obrigas legislativas e cos principios democráticos de funcionamento das administracións, faise necesario que as deputacións aproben plans de cooperación cos municipios do seu territorio.

SEGUNDO.- A Deputación de Ourense, nestes últimos anos, executou esta obrigada colaboración cos concellos a través de instrumentos desligados e inconexos, como plans provinciais de cooperación, plans para a rede viaria ou plans de emprego, pero tamén mediante inxentes cantidades de subvencións nominativas e concesións directas de fondos públicos. De feito, de todos os instrumentos empregados, o plan provincial de cooperación, o de emprego e o de acción social son os únicos que distribúen os seus fondos en función duns criterios predeterminados previamente mais, sen embargo, non atenden a un reparto plenamente equitativo.

TERCEIRO.- O reparto da meirande parte de fondos da institución entre os municipios e outras entidades e asociacións está estruturado en torno a un sistema de esmola, no que os alcaldes teñen que pasar revista ante a presidencia da Deputación, co fin de que, se tén a ben, atenda as necesidades das entidades locais en base a criterios nunca publicitados,

tal e como esixe a lexislación. E que, realmente, a meirande parte dos millóns públicos son distribuídos de forma desigual e caciquil, con criterios baseados unicamente nunha decisión personalista da presidencia, un proceder que incumpre flagrantemente os principios de actuación de obxectividade ou boa fe que deben rexer as decisións e as relacións das administracións públicas.

CUARTO.- Estes repartos a dedo contrastan cos sistemas empregados polas outras tres deputacións galegas, que xa contan cun sistema de distribución de fondos provinciais equitativo -que pode superar o 25% do total dos seus orzamentos- agrupando todos os cartos adicados ós concellos nun plan anual e global, que permite simplificar os trámites; impulsar criterios ponderados e reducir a discrecionalidade, afondando así nas políticas de equidade, obxectividade, transparencia e democracia plena.

QUINTO.- Tamén hai que destacar que a liquidación anual da Deputación de Ourense dos últimos anos, destapa un superávit voluminoso que se reparte, na súa meirande parte, obviando procedementos democráticos e atendendo só a decisión arbitrarias, discrecionais e partidistas. Así sucedeu, por exemplo, durante o pasado ano 2018, onde o reparto dos 9,2 millóns de euros do superávit destinado a investimentos financeiramente sostibles, foi un carrusel de ocorrencias arbitrarias e personalistas da presidencia, logo de aprobar as preceptivas modificacións orzamentarias.

SEXTO.- É necesario que todos os concellos da provincia poidan dispor de recursos dabondo para que, dentro da súa autonomía municipal, podían destinalos ás necesidades máis acuciantes dos seus territorios e da súa veciñanza. A nova configuración da corporación provincial, co único partido -o PP- que defendía este vetusto sistema, agora en minoría, supón un cambio relevante que permitiría ó máximo órgano Colexiado da institución, aprobar a renovación do sistema provincial de financiamento ás entidades locais para dotalo dunha democracia plena.

Tendo en conta o detallado e entendendo que se cumpren os requisitos legais, os membros da corporación asinantes solicitamos a convocatoria dun **PLENO EXTRAORDINARIO**, mediante a inclusión na orde do día desta **PROPOSTA DE ACORDO**:

- 1.- Que a Deputación de Ourense acorde a supresión das subvencións de carácter nominativo que se conceden na institución que non atendan a criterios de concorrencia competitiva, distribución equitativa ou instrumentos de análoga natureza.
- 2.- Que no vindeiro orzamento da Deputación de Ourense se estableza un sistema provincial de financiamento ás entidades locais, mediante un programa anual e universal, baseado en criterios obxectivos, equitativos e democráticos, deseñados baixo os principios de transparencia, boa fe, confianza lexítima e lealdade institucional.
- 3.- Que ese programa de financiamento ás entidades locais da provincia de Ourense, baseado en criterios obxectivos, equitativos e democráticos, acade para o seu montante económico, polo menos, un cuarto do total dos recursos económicos anuais da Deputación.

En Ourense, a 22 de agosto de 2019

RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO

BERNARDO VARELA LÓPEZ

GERARDO SEOANE FIDALGO

ÁLVARO VILA ARAÚJO

ELVIRA LAMA FERNÁNDEZ

MARGARITA PÉREZ FERNÁNDEZ

JOSE IGNACIO GÓMEZ PÉREZ

AURENTINO ALONSO ARAÚJO

DIEGO FERNÁNDEZ NOGUEIRA

SUSANA RODRÍGUEZ ESTÉVEZ

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**